

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

*Bases reguladoras e convocatoria de concorrencia simplificada para a participación de produtoras e artesáns da provincia nos espazos expositivos, demostrativos e de venda da súa produción configurados como Mercado da Deputación*

#### ANUNCIO

Resolución número 2024/10815 de 15/03/2024 pola que se aproban as bases e o prazo de presentación de solicitudes para a participación de produtoras e artesáns da provincia ao Mercado da Deputación da Coruña, no exercicio anual de 2024.

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCORRENCIA SIMPLIFICADA PARA A PARTICIPACIÓN DE PRODUTORAS E ARTESÁNS DA PROVINCIA NOS ESPAZOS EXPOSITIVOS, DEMOSTRATIVOS E DE VENDA DA SÚA PRODUCIÓN CONFIGURADOS COMO MERCADO DA DEPUTACIÓN NA ANUALIDADE 2024.**

**DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da**

**Coruña**

Visto o expediente 2024000012471, relativo á convocatoria correspondente ao programa anteriormente citado, examinados os informes emitidos polo Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego e a aprobación da Secretaría e a Intervención Xeral no que se acreditan os seguintes

#### ANTECEDENTES

Co obxecto de proceder á publicación no BOP do prazo de presentación de solicitudes para que as produtoras/artesáns da provincia dispoñan dun espazo expositivo, demostrativo e de venda dos seus produtos dentro do Mercado da Deputación en diferentes eventos a desenvolver na anualidade 2024,

#### RESOLVO

- Aprobar a apertura do prazo de presentación de solicitudes para a asistencia de produtoras e artesáns ao Mercado da Deputación da Coruña, no exercicio anual 2024.
- Que o **prazo de presentación de solicitudes** sexa de un mes desde a data da publicación desta resolución para todas aquelas produtoras e artesáns da provincia da Coruña que queiran expor, presentar, demostrar e informar sobre os seus produtos, ao público asistente aos diferentes eventos onde se solicite a presenza do Mercado da Deputación durante a anualidade 2024.
- A Deputación da Coruña poñerá ao dispor das produtoras/artesáns un espazo expositivo, demostrativo e de venda dos seus produtos dentro do Mercado da Deputación no recinto establecido para cada evento.

Unidade xestora	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
Anualidade	2024
Denominación	DP 0053 Programa de participación de produtoras artesáns no Mercado da Deputación da Coruña
Beneficiarias	Pequenas, medianas empresas, microempresas, asociacións e persoas autónomas que desenvolvan actividade produtora e/ou artesán con ánimo de lucro, con domicilio fiscal e como mínimo cun centro de traballo nun concello da provincia da Coruña.
Procedemento	Convocatoria de concorrencia simplificada

#### Exposición de motivos

O contido das presentes bases está enmarcado dentro do establecido no artigo 130.1 da Constitución Española, e no artigo 53 do decreto lexislativo 1/20156 que aproba a texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, que atribúe responsabilidades ás entidades locais como axentes implicados no deseño e execución da política industrial no relativo á atención das necesidades das pequenas e medianas empresas, a cohesión social, o equilibrio territorial, a creación e o mantemento de postos de traballo de calidade e o impulso e aproveitamento positivo dos recursos endóxeos.

A Deputación da Coruña, a través do espazo “Mercado da Deputación” continúa amosando o seu apoio á produción artesanal da provincia, co obxectivo de promover todas aquelas actividades de transformación de materia prima local que rescaten e valoricen o saber artesanal e de oficios e que procuren manter as identidades locais no marco de outras accións globais ao precisar da diferenciación con respecto a outros produtos industriais, polo que a procura de novos canais de distribución podería ser o obxectivo marcado.

## 1. BASES REGULADORAS

### Base 1.- Obxecto e finalidade

O obxecto deste programa e o de facilitar o acceso a un espazo expositivo, demostrativo e de venda ás produtoras e artesáns da provincia que así o soliciten, onde amosar as súas artes e traballos, promovendo con ilo que os sectores tradicionais da nosa economía poidan estar presentes, aproveitar á oportunidade de difusión e promoción e servir de exemplos transferibles a outros territorios.

O programa responde á necesidade e á demanda de crear espazos específicos para a promoción de todas aquelas actividades de transformación de materia prima local que rescaten e valoricen o saber artesanal e de oficios e que procuren manter as identidades locais no marco de outras accións globais, polo que a procura de outros canais de distribución dos produtos resultado das empresas ou obradoiros artesáns da provincia podería ser o obxectivo marcado.

### Base 2. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de un mes dende a publicación no Boletín Oficial da provincia da Coruña da Resolución que aproba a convocatoria para a participación de produtoras e artesáns no Mercado da Deputación da Coruña.

### Base 3. Destinatarias

O programa vai dirixido a pequenas, medianas empresas, microempresas, asociacións e persoas autónomas que desenvolvan actividade produtora e/ou artesán con ánimo de lucro, con domicilio fiscal e como mínimo cun centro de traballo nun concello da provincia da Coruña e reúnan os seguintes **requisitos** con anterioridade á data de fin de presentación das solicitudes:

- Ter o domicilio fiscal **nun concello da provincia da Coruña** segundo o recollido no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).
- **No caso de persoas autónomas**, estar dado de alta no IAE correspondente á actividade artesanal e no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.
- **No caso de persoas xurídicas**, inscrición no Rexistro público correspondente, con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Admitiranse, de xeito excepcional, as **Asociacións de produtoras/artesáns**, inscritas no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, que formulen nos fins e obxecto dos seus estatutos a promoción e recuperación das manifestacións artesanais propias da provincia da Coruña, o impulso de actividades produtoras e artesanais, a conservación, promoción e explotación dos produtos e recursos locais autóctonos da provincia, e outros similares.

- Dispoñer de **produción propia e suficiente** para atender a demanda prevista durante o desenvolvemento do Mercado da Deputación.
- Desenvolver de xeito gratuíto e ao longo da programación do evento **actividades e ou obradoiros demostrativos e de promoción dos seus produtos**, destinados ao público xeral asistente e cunha duración mínima dunha 1 hora, segundo requirimento da Deputación da Coruña e/ou a organización en cada un dos eventos.

### Base 4. Produtos

Os produtos a expor, presentar, demostrar e/ou vender cumprirán os seguintes requisitos:

- Produto único, feito polo/a artesán con trazos distintivos e diferentes aos demais produtos que se ofrecen no mercado da fabricación en serie.
- Elaborado a man, no caso das artesanías, sen que perda este carácter de manual pola súa manipulación con utensilios e maquinaria auxiliar sempre que se orixine un produto individualizado.
- Produto e materia prima tradicional, local ou procedente da economía circular, producido e elaborado na provincia, de colleita propia ou de materia prima local destinada a converterse en residuo, elaborada e comercializada na provincia e que, cumprindo eses requisitos incorpore unha vertente innovadora e creativa.

- Non se admitirán produtos de revenda ou elaborados ou fabricados con materiais procedentes de países que non cumpran ás condicións establecidas pola OIT (Organización Internacional de Traballo).
- Non se admitirán produtos distintos daqueles que, de ser o caso, teñan recoñecemento ao través da Carta de Artesá ou calificación de Obradoiro Artesán ou teña rexistrados na Sección de Actividades Artesás do Rexistro Xeral da Artesanía de Galicia.

#### Base 5. Criterios de valoración

A Unidade Xestora recollerá a puntuación total de acordo cos seguintes criterios de valoración das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

A puntuación total das solicitudes obtense mediante a suma automática da puntuación dos criterios de valoración da solicitante e do produto indicados a continuación.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DO PROGRAMA DE PARTICIPACIÓN DE PRODUTORAS E RTESÁNS NO MERCADO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA - ANO 2024			
SOLICITANTE		PRODUTO	
CRITERIO	PUNTUACIÓN	CRITERIO	PUNTUACIÓN
Nova iniciativa empresarial ou profesional, non ter unha antigüidade superior aos 10 anos anteriores á data de publicación da convocatoria	5	Con materias primas autóctonas, naturais ou procedentes de reciclaxe, reutilización e/ou renovación de residuos da produción local	5
Iniciativa de continuidade de oficio artesanal	5	Produto traballado dende a materia prima local e propia ata o produto final.	5
Carta de artesá ou calificación de obradoiro artesán, en vigor no momento de facer a solicitude	4	Produtos artesanais, ecolóxicos, tradicionais, creativos e innovadores, reciclados e reciclables, etc.	4
Desenvolve habitualmente programas demostrativos e/ou formativos nos que se prioriza a tradición e a cultura, a natureza e o medioambiente próximo, o aforro e a sustentabilidade.	3	Produto susceptible de demostracións, presentacións e/ou degustacións.	3
Rexistrada na Sección de Actividades Artesás do Rexistro Xeral da Artesanía de Galicia	2	Selo oficial que acredite e recoñeza os seus produtos.	2
Asociado/a a calquera asociación ou entidade sen ánimo de lucro cuxo obxecto sexa a promoción do produto artesanal e/ou o produto local e de proximidade	1	Ter rexistro de marca comercial a nome do/a artesán ou do obradoiro artesán para comercializar o seu produto	1
Puntuación máxima	20 puntos	Puntuación máxima	20 puntos
<b>PUNTUACIÓN TOTAL MÁXIMA POR SOLICITANTE</b>			<b>40 puntos</b>

#### Base 6. Tramitación e Admisión

Polo que se refire ao tipo de **tramitación**, esta realizarase de maneira telemática (ao través da plataforma Subtel: <https://www.dacoruna.gal/subvencions>).

Neste enderezo <https://www.dacoruna.gal/soporte/subtel/preguntas-frecuentes> pódese obter información ao respecto do procedemento para a alta na plataforma SUBtel

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, aprobación, desistencia e renuncia, incluíndo as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

As persoas físicas/xurídicas deberán dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificando, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

O procedemento de **admisión** das solicitudes tramítase mediante o réxime de concorrencia competitiva simplificada.

#### Base 7. Consideracións xerais

- Non serán avaliadas e baremadas as solicitudes que non acredite documentalmente os requisitos exixidos como obrigatorios.
- Os traslados e desprazamentos da produción e das persoas son a cargo de cada produtora/artesá participante, así como a disposición de elementos de presentación dos produtos e elementos decorativos do espazo designado.

- No caso de non celebrarse os eventos ou de non poder organizarse o Mercado da Deputación nos mesmos, a presentación de solicitudes prevista na presente convocatoria non xerará ningún tipo de dereito nin dará pé a reclamación ningunha por parte das persoas solicitantes.
- É posible que a Entidade Organizadora de calquera dos eventos decida seleccionar de entre as solicitudes aprobadas aquelas que mais se axusten á temática dos mesmos, polo que en algúns casos pode non seguirse estritamente a listaxe baremada das solicitudes aprobadas.

#### Base 8. Compromisos e obrigas

As persoas ou entidades beneficiarias deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas específicos:

Comunicar a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada sen que en ningún caso implique cambio en ningún criterio valorable.

#### Base 9. DOCUMENTACIÓN

- Dossier descritivo e gráfico do produto/artesanía que responda a cuestións como: quen son ou quen somos, qué fago, con qué o fago, onde e a quen merco a materia prima, onde produzo, a miña marca, recoñecementos públicos, etc.
- Programa e contidos da actividade demostrativa ou obradoiro para o público de posible desenvolvemento no Mercado da Deputación
- Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado.
- No caso de **PERSOAS FÍSICAS**, resolución sobre recoñecemento de alta: Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.
- No caso de **PERSOAS XURÍDICAS**, escritura pública e inscrición no rexistro público que corresponda e IAE correspondente.
- No caso de **ASOCIACIÓNS**, Inscrición no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia e Estatutos da Entidade.
- **Autorización de representación** para a presentación da solicitude no caso de non coincidir coa persoa solicitante (para as persoas físicas) ou co representante legal da entidade (para as persoas xurídicas). (Modelo dispoñible en SUBTeL)
- **Carta de artesá ou calificación de obradoiro artesán** vixente, en caso de contar con ela
- Acreditación do **rexistro na sección de Actividades Artesás de Artesanías de Galicia**, en caso de estar rexistrados.

Para asinar a documentación e a presentación da solicitude no caso das persoas xurídicas considerárase como representante legal autorizado o que figure no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).

#### Base 10. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas e/ou entidades no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude

(<https://www.dacoruna.gal/documentacion>)

A Coruña, 15 de marzo de 2024

O presidente

Valentín González Formoso

A secretaria

M.º Amparo Taboada Gil